# GUÍA DE SEPARACIÓN PARA A XESTIÓN dos Residuos Municipais

Pequenos xestos, Grandes cambios



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE ECONOMÍA, COMERCIO Y EMPRESA

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Deputación Pontevedra

RURAL
Commerce inside
Da túa man

# ÍNDICE

**› SEPARACIÓN DE RESIDUOS**

RESIDUOS DOMÉSTICOS · · · · · · · · · · · · · · *páx.* **4**

RESIDUOS COMERCIAIS · · · · · · · · · · · · · · *páx.* **40**

Depósito legal: PO 442-2024

# Biorresiduos

**Residuos biodegradables vexetais e residuos alimentarios e de cociña. A partir do 31 de decembro de 2023, todas as entidades locais deben recoller separadamente os biorresiduos e trasladalos a unha planta de compostaxe ou xestionalos mediante compostaxe local.**



- Froitas e verduras cociñadas e sen cociñar
- Carne e peixe cociñados e sen cociñar
- Pan, mariscos
- Cascas de ovos e froitos secos
- Restos de comida
- Papel de cociña e panos de papel sucios
- Café e infusións
- Flores, plantas e herbas do xardín

- Aceite
- Cueiros e téxtiles sanitarios
- Excrementos de animais e area de gatos
- Cabichas de tabaco
- Varreduras

## BIORRESIDUOS

Pregunta no teu concello

### OPCIÓNS DE XESTIÓN:

**Compostaxe doméstica:** se tes espazo na túa vivenda ou xardín, podes utilizar un composteiro individual.

**Compostaxe comunitaria:** varios concellos da provincia dispoñen de composteiros comunitarios para a cidadanía.

**Recollida en contedor marrón:**

- Utiliza o contedor de tapa marrón para botar a bolsa cos biorresiduos, sempre no horario establecido.
- Asegúrate de que a tapa do contedor queda pechada, logo de introducires a bolsa, para evitar malos cheiros ou que outras bolsas caian ao chan.
- Nunca utilices o contedor marrón para botar residuos hixiénico-sanitarios coma compresas ou tampóns, nin tampouco toalliñas húmidas.

**Recollida de restos vexetais.**







### COS BIORRESIDUOS

### RECICLANDO

### OBTENSE FERTILIZANTE E ENERXÍA

DE CADA **100 KG DE RESIDUOS ORGÁNICOS** PÓDESE OBTER:

- Na compostaxe, de 20 a 30 kg de compost.
- Con biometanización, entre 50 e 70 kWh de enerxía térmica en forma de biometano.

# Envases de plástico e metal, briks e outros envases



**› Botellas e envases de plástico**
- › produtos de hixiene e de limpeza
- › terrinas
- › bandexas de porespán
- › envoltorios e bolsas
- › botellas con tapas e tapóns
- › papel film

**› Envases de metal**
- › latas
- › bandexas de aluminio
- › aerosois
- › botes de desodorizante
- › papel de aluminio

**› Briks**

**› Envases de madeira**
- › caixas de froitas e verduras
- › caixas de viños e espirituosos

**› Envases de cerámica**
- › iogures, cremas de leite...

**› Outros**
- › mallas de froita e verdura
- › bolsas de conxelados
- › tapóns metálicos
- › tapas e chapas

**› Plásticos e metais que non sexan envases**
- › xoguetes
- › biberóns
- › utensilios de cociña
- › peites
- › luvas de goma

**› Blísters de medicamentos (punto SIGRE)**

**› Cápsulas**

**› Cables**

**› Material de limpeza (vasoiras, fregonas)**

**› Cepillos dentes, afeitadoras**

**› Calzado, roupa**

**› CD**

**› Material de oficina**

› RESIDUOS DOMÉSTICOS

## ENVASES DE PLÁSTICO E METAL, BRICKS E OUTROS ENVASES

### Recomendacións

- Primeiro aplana a botella de plástico e enróscalle o tapón para facilitar a súa recuperación nas plantas de tratamento.
- Utiliza o contedor amarelo para botar os residuos de envases durante o horario establecido na túa zona.



OS ENVASES DE PLÁSTICO



RECICLANDO



PODEN TRANSFORMARSE EN FIBRAS TÉXTILES, NOVOS ENVASES...



UNHA **BOLSA DE PLÁSTICO** TARDA MOITOS ANOS EN DEGRADARSE. EVITA COLLER ESTE TIPO DE BOLSAS NAS TENDAS E **USA AS QUE XA TES TANTAS VECES COMO SEXA POSIBLE.**

# Vidro

**O vidro fabrícase con elementos naturais coma a sílice, o óxido de sodio e a cal, ou tamén a partir de vidro reciclado, cuxo proceso aforra enerxía e reduce as emisións de $CO_2$ á atmosfera.**

**O vidro é reciclable ao 100 % e nunca perde as súas propiedades, polo que ten vidas infinitas.**
**Non o desbotes nin o tires noutro contedor que non sexa o seu.**



- **Botellas de vidro de calquera cor sen tapas nin tapóns**
- **Botes e frascos de vidro**
  - conservas
  - cosmética

- **Lámpadas e fluorescentes**
- **Espellos**
- **Utensilios de vidro que non sexan envases**
- **Vaixela**
- **Cristalería**
- **Envases de medicamentos (punto SIGRE)**

› RESIDUOS DOMÉSTICOS

## VIDRO

- Antes de depositar as botellas ou os tarros no contedor de vidro, quítalles a tapa ou o tapón e depositao no contedor amarelo de envases.
- No contedor verde do vidro non debes depositar obxectos de cristal coma os vasos ou as copas, nin cristal plano coma os das xanelas ou os dos espellos. Este tipo de residuos deben botarse no contedor de resto, se son pequenos, ou levalos ao punto limpo, se son grandes. Por seguridade, nunca os deixes fóra do contedor.
- Tamén debes botar no contedor de resto a porcelana e a cerámica procedente de vaixela; se é de envases, debe ir no contedor amarelo de envases.

*IMPORTANTE!*
*DEBEMOS DIFERENCIAR ENTRE VIDRO E CRISTAL PARA UNHA CORRECTA RECICLAXE*
*O cristal contén elementos distintos coma o chumbo, o que fai que non se poidan fundir nos mesmos fornos onde se recicla e fabrica o vidro. Por isto é tan importante que no contedor verde botemos soamente envases e embalaxes de vidro.*







**O VIDRO USADO**



**RECICLANDO**



**TRANSFÓRMANSE EN VIDRO NOVO**



**Por cada tonelada de vidro reciclado** afórranse 130 quilos de combustible e 1.200 quilos de materia prima.

# Papel e cartón



- › **Caixas de cartón de:**
  - › galletas, cereais...
  - › ovos
  - › calzado
- › **Envoltorios de papel**
- › **Bolsas de papel**
- › **Xornais, revistas e libros**
- › **Cadernos e libretas sen encadernar**
- › **Papel publicitario**
- › **Papel para embalar**
- › **Tubos de cartón**
- › **Vasos cartón**

---

- › **Panos de papel**
- › **Cueiros e compresas**
- › **Caixas de medicamentos (punto SIGRE)**
- › **Bolsas plásticas**
- › **Papel plastificado, film ou de aluminio**
- › **Fotografías**
- › **Papel adhesivo**

Deputación Pontevedra

› RESIDUOS DOMÉSTICOS

## PAPEL E CARTÓN

- Deberán depositarse, o máis en-cartados posible, nos contedo-res ou nos sistemas equivalentes identificados para este fin
- Deberanse eliminar destes resi-duos todos os restos metálicos ou de plástico
- Nos puntos limpos de proximi-dade tamén podes depositar os libros ou revistas.
- Cando teñamos un gran volume deste tipo de residuos, coma nun-ha mudanza, debemos levalos ao punto limpo para evitar a satura-ción do contedor de papel.



**O PAPEL E O CARTÓN RECUPERADOS**



**RECICLANDO**



**TRANSFÓRMANSE EN NOVO PAPEL E CARTÓN**



**COA FABRICACIÓN DE PAPEL NOVO A PARTIR DE PAPEL USADO CONSÓMESE UN 70 % MENOS DE ENERXÍA E AFÓ-RRASE AO REDOR DUN 80 % DE AUGA**

# Aceite de cociña usado

**Nunca se debe botar o aceite de cociña usado polo vertedoiro nin polo váter porque a graxa forma unha película que cubre as augas o que fai moi difícil a depuración e a rexeneración, ao dificultar a oxixenación das augas.**
**Para a súa reciclaxe, debes depositar nos contedores habilitados o aceite de cociña usado en botellas de plástico pechadas ou ben levalas ao punto limpo máis próximo.**



**› Aceite de cociña**

› residuo de graxas de orixe vexetal e animal xerado tras usarse para cociñar alimentos no ámbito doméstico.

**› Aceites dos alimentos en conserva**

› un só litro de aceite é suficiente para contaminar 1.000 litros de auga, a cantidade media que usa unha persoa nunha semana.

**› Aceites de vehículos**

# Resto



- › Cueiros e téxtiles sanitarios
- › Varreduras
- › Vaixela e cristalería rotas
- › Cabichas
- › Bolígrafos
- › Residuos sen recollida diferenciada
- › Máscaras
- › Luvas
- › Apósitos
- › Gasas
- › Vendas
- › Esparadrapo
- › Area de gato
- › Bolsas de aspirador
- › Excrementos
- › Obxectos de goma

---

- › Xoguetes rotos (punto limpo)
- › Residuos perigosos do fogar, coma produtos químicos e os seus envases (punto limpo)
- › Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (electrodomésticos, pilas e baterías e fluorescentes, entre outros).
- › Medicamentos (punto SIGRE)
- › Aceites
- › Útiles domésticos
- › Voluminosos
- › Restos de obra
- › Madeira
- › Restos vexetais
- › E, en xeral, os residuos que xa teñen recollida separada (biorresiduos, papel e cartón, envases, roupa e calzado, etc.)

# Residuos téxtiles

**Os residuos téxtiles de pequenas dimensións, poden depositarse nos contedores colocados na rúa para tal fin. Consulta no teu concello que tipo específico de téxtiles podes depositar no contedor.**

**No caso de que os residuos téxtiles sexan de gran tamaño, coma nórdicos, almofadas, alfombras, e téxtiles domésticos de grandes dimensións, deberán entregarse no punto limpo, xa que non poderán introducirse polas bocas dos contedores que están a pe da rúa.**



**Calquera tipo de roupa ou material téxtil que xa non se utilice e que proceda dos fogares. Por exemplo:**

- › Roupa usada ou danada
- › Accesorios téxtiles
- › Zapatos
- › Roupa de cama
- › Toallas

...

# Residuos voluminosos e outros útiles

**Aínda que creas que lles poden servir a outras persoas, NON os deixes na vía pública, xa que isto provoca focos de sucidade e lixo.**

**Deposítaos na rúa o día convido co servizo gratuíto de recollida a domicilio, que previamente solicitaches a través das canles de información do teu Concello, ou ben podes entregalos no punto limpo fixo.**





# Residuos de aparellos eléctricos ou electrónicos (RAEE)

**Cando merques un aparato eléctrico ou electrónico (AEE) para uso doméstico, podes entregar no mesmo establecemento de forma gratuita, un RAEE de tipo equivalente ou que realizase as mesmas funcións que o aparato que adquires.**

**Ademais, os distribuidores cunha zona destinada á venda de AEE a partir de 400 m² deberán recoller RAEE moi pequenos, de modo gratuíto para as persoas usuarias finais, e sen que a clientela teña a obriga de mercar un AEE equivalente.**





## GRANDES ELECTRODOMÉSTICOS

Frigoríficos, radiadores, lavalouzas, cociñas, lavadoras, televisores, etc. Podes entregalos no teu punto limpo.



## PEQUENOS ELECTRODOMÉSTICOS

Secadores de pelo, torradoras, libros electrónicos, aparellos de reprodución de son ou de imaxe, equipos de música (MP3, MP4...), ordenadores de sobremesa e as súas pantallas, teclados, cables, ratos, ordenadores portátiles, teléfonos móbiles etc. Podes entregalos no punto limpo, móbil ou de proximidade.



## LÁMPADAS E FLUORESCENTES

Lámpadas de baixo consumo, descarga, fluorescentes, led etc. Podes entregalas no punto limpo fixo, móbil ou de proximidade.

# Residuos de construción ou demolición (RCD)

**Son os entullos de pequenas obras domésticas.**

**Infórmate de se o teu concello dispón dun lugar habilitado para a recollida deste tipo de residuos e da cantidade que admiten.**

**No caso de ter grandes cantidades, deberás xestionalos a través dun xestor autorizado.**



› **Nunca botes os cascallos ou entullos de restos de construcións en contedores, nin os deixes na rúa. Lévaos sempre ao punto limpo ou contrata a súa retirada con xestores autorizados.**

**Pide información no teu Concello antes de instalar sacos ou contedores na vía pública.**

# Residuos perigosos

**Residuo que presenta características de perigosidade. Tamén se inclúen os recipientes e envases que conteñan restos de substancias ou preparados perigosos ou que estean contaminados por eles.**



*Estes residuos NUNCA os tires AOS CONTEDORES DE RESTO NIN A OUTROS CONTEDORES DA RÚA.*

**Estes residuos son moi perigosos para a saúde e para o medio; só deben ser tratados por xestores autorizados. É moi importante sermos conscientes da súa perigosidade e desbotalos sempre segundo o sistema específico de cada un (xestores autorizados, establecementos especializados...) ou levalos ao punto limpo do teu Concello ou comarca.**

- › Envases contaminados
- › Radiografías
- › Pinturas disolventes e envases cos seus restos
- › Termómetros ou elementos con mercurio
- › Tubos fluorescentes e lámpadas de baixo consumo
- › Pilas alcalinas, salinas e de botón e baterías de móbil, ordenador...
- › Baterías de automóbil
- › Aceite mineral ou sintético de motor e os seus envases baleiros
- › Cartuchos de tinta e tóner
- › Bombonas de cámping gas

**› Medicamentos.**

# Residuos de medicamentos

**Restos e residuos de medicamentos domésticos.**

**Leva sempre os medicamentos caducados ou os que non se vaian consumir, incluído envases e prospectos, aos contedores dos puntos SIGRE que podes atopar nas farmacias.**

**Se non estivesen visibles para o público, pregunta por eles na túa farmacia.**

SIGRE

- › Medicamentos
- › Caixas e envases baleiros (blísters, frascos, tubos etc.)
- › Restos de medicamentos nas súas caixas e prospectos

- › Agullas
- › Termómetros
- › Gasas e vendas
- › Guantes e máscaras
- › Materiais de cura
- › Sondas
- › Radiografías
- › Pilas e produtos ou reactivos químicos

# Pilas e acumuladores

**Polo seu contido en metais pesados coma o litio, o mercurio, o cadmio ou o chumbo, son unha gran fonte de contaminación.**





**Podes depositalas nos puntos limpos fixos, móbiles ou de proximidade (minipuntos limpos), ou tamén desbotalos nos contedores existentes nalgúns establecementos.**

# Unha axudiña...

**A partir de xaneiro de 2025, segundo o Real decreto 1055/2022, establécese como obrigatorio que nos envases domésticos se indique a fracción de destino para unha mellor e máis doada reciclaxe dos residuos.**

**Esta indicación da fracción ou contedor onde depositar os envases domésticos vai depender do tipo de envase.**



Para os envases monomateriais (compostos por un só material), indicarase o contedor de destino.

En caso de envases fabricados con diferentes materiais e que sexan doados de separarse, tamén se indicará a fracción ou contedor onde depositar cada un deles.

Cando se trate de envases compostos ou dificilmente separables, subliñarase a fracción ou contedor do material predominante en peso, a non ser que haxa outra alternativa de recollida máis axeitada.



**Separa**

**CONTEDOR DE VIDRO**



**Separa**

**CONTEDOR DE ENVASES**



**Separa**

**CONTEDOR DE PAPEL E CARTÓN**

› RESIDUOS COMERCIAIS

# Xestión de residuos comerciais

**O produtor dos residuos é o responsable de que se xestionen adecuadamente os residuos que xera.**

**O concello pode xestionar os residuos comerciais non perigosos, propios da súa actividade, nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas.**









**Para os residuos que non poidan xestionar a través da recollida municipal, deberán contratar un xestor autorizado.**

› RESIDUOS COMERCIAIS



# Un comercio, servicio ou establecemento dedicado a tal fin pode xerar





- Residuos domésticos: son os residuos producidos polas traballadoras e traballadores, non xerados pola propia actividade do servizo ou comercio, e que son similares en cantidade e composición aos producidos nos domicilios; por exemplo, os restos dunha mazá que coma un empregado no seu descanso.
- Residuos comerciais: son residuos xerados a partir da súa propia actividade do servizo ou comercio.

# Residuos de hostalería e restauración





**ENVASES**
Vidro, plástico, metal e cartón.



**RESIDUOS GRAXOS**
Aceite usado e graxas desbotadas de cociñar.



**BIORRESIDUOS**
Restos de alimentos.



**PILAS**



**OUTROS RESIDUOS**
Baetas, luvas desbotables, enxovais e útiles de cociña, etc.



**RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)**
Tubos fluorescentes, lámpadas led. Neveiras expositoras, envasadora... Monitores led, caixas rexistradoras.

# Oficinas





PAPEL E CARTÓN



PILAS



MOBILIARIO



RESIDUOS XERADOS NAS COCIÑAS
Biorresiduos, envases, fracción resto.



RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)
Equipos informáticos (CPU, teclados, impresoras etc.). Tóner e cartuchos de impresoras. Tubos fluorescentes, lámpadas led.

› RESIDUOS COMERCIAIS

# Alimentación





**BIORRESIDUOS**
Restos alimentarios.



**ENVASES**
Vidro, plástico, metal, cartón e madeira.



**PILAS**



**OUTROS RESIDUOS**
Papel sucio de aseo e limpeza, baetas, luvas desbotables, enxoval etc.



**RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)**
Tubos fluorescentes, lámpadas led. Caixa rexistradora, neveira expositora, básculas, monitores led etc.

# Beleza e saúde





**ENVASES**
Plástico, cartón, metal e vidro.



**ENVASES DE SUBSTANCIAS PERIGOSAS**
Envases de tinturas, líquidos de permanentes etc.



**PILAS**



**OUTROS RESIDUOS**
Útiles de perruquería, baetas, luvas desbotables, trapos...



**RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)**
Tubos fluorescentes, lámpadas led. CPU, portátil, caixa rexistradora, neveira, monitores led, secadores...

# Fogar e decoración





**ENVASES**
Plástico, cartón e madeira.



**OUTROS RESIDUOS**
Pinturas, adhesivos e resinas que conteñen substancias perigosas.



**PILAS**



**RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)**
Tubos fluorescentes, lámpadas led. CPU, portátil, caixa rexistradora, neveira, monitores led...

› RESIDUOS COMERCIAIS

# Moda e complementos





**ENVASES**
Plástico e cartón.



**ROUPA E MATERIAIS TÉXTILES**



**PILAS**



**RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)**
Tubos fluorescentes, lámpadas led. CPU, portátil, caixa rexistradora, monitores led...

# Librerías, papelerías e copisterías





PAPEL



ENVASES
Plástico e cartón



PILAS



RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)
Tóner e cartuchos de tinta.
Tubos fluorescentes, lámpadas led.
CPU, portátil, caixa rexistradora, monitores led...

# Como deben xestionar os seus residuos

› O PRODUTOR inicial ou OUTRO POSUIDOR debe asegurar o tratamento adecuado dos seus residuos mediante algunha das seguintes opcións:

› Realizar o tratamento dos seus residuos por si mesmo, sempre que estea autorizado para iso (sexa xestor).

› Encargarlle o tratamento a un negociante ou xestor, que deberá estar debidamente rexistrado. Esta entrega de residuos debe acreditarse documentalmente.

› Entregarlle os residuos ao servizo público de recollida do xeito que estableza a ordenanza municipal.

NUNCA DEBERÁ venderlle ou entregarlle ningún residuo a unha persoa ou empresa non rexistrada.

› RESIDUOS COMERCIAIS

## COMO DEBEN XESTIONAR OS SEUS RESIDUOS

### RESIDUO DOMÉSTICO

› Deberá separar os seus residuos segundo o establecido na ordenanza do seu concello.

› Deberá entregarllos ao concello segundo establezan as súas ordenanzas.



### RESIDUOS COMERCIAIS NON PERIGOSOS

› Deberá separar os residuos no seu establecemento.

› Poderá:

  › Entregarllos a un xestor autorizado e acreditar documentalmente a súa correcta xestión ante o concello.

  › Acollerse ao sistema público de xestión do concello, segundo o establecido na súa ordenanza.





### RESIDUOS COMERCIAIS PERIGOSOS

› Deberá entregarllos a un xestor autorizado e acreditar documentalmente a súa correcta xestión ante o concello.

## COMO DEBEN XESTIONAR OS SEUS RESIDUOS

› Os comercios, servizos e establecementos que precisen un xestor autorizado para encargarse dos seus residuos poden atopalo no seguinte enlace:

**https://sirga.xunta.gal/xestores**

datuaman.depo.gal   residuos.depo.gal   **depo.gal**

Deputación Pontevedra

RURAL
Commerce inside
Da túa man